

**24
FEB**

Día de Rosalía de Castro 2019

18.00 h



O 24 de febreiro de 1837 nace en Santiago de Compostela Rosalía de Castro, figura fundacional na nosa literatura e unha das voces literarias máis relevante das letras europeas do século XIX.

Para festexar esta efeméride a [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega](#) (AELG) conmemora un ano máis o Día de Rosalía de Castro este domingo 24 de febreiro.

Na Coruña, a AELG e a AC Alexandre Bóveda realizaremos unha lectura pública da obra de Rosalía ás 18 h diante do teatro que leva o seu nome, na rúa Rego de Auga, o Teatro Rosalía de Castro.

Convidamos a todas as persoas amantes da poesía e da obra de Rosalía que se acheguen para participar lendo a obra da nosa

poeta máis universal.

PARA SABER MÁIS:

Podes ver [aquí todos os actos, nos que colabora a AELG](#), que se realizan ao logo do país.

[Fundación Rosalía de Castro](#)

[Historia da literatura galega: Rosalía de Castro](#)

A *Fundación Rosalía* e a *Asociación de Gaiteiros Galegos* volven organizar para o 24 de febreiro a **Alborada para Rosalía de Castro**, para o que fan un chamamento a todos os gaiteiros e gaiteiras de Galicia (e non só: tamén a outros músicos: sexades pandereteiras, requinteiras, tamborileiras, etc.) para dar unha alborada de gloria na súa honra...: [Chamamento aos gaiteiros e gaiteiras de Galicia](#).

Animádevos a subir ás vosas redes co cancelo **#LibreOMeuPensamento_rdc_19** textos de Rosalía, a promover lecturas nos centros de ensino, nas asociacións culturais, nas prazas... calquera lugar é bo para recitar a Rosalía de Castro.

Se tes escollido o poema que queres ler fáinolo saber neste correo: secretaria.xeral@aelg.org, e xa cho reservamos.



*Eu cantar, cantar, cantei
Eu cantar, cantar, cantei,
a grasia non era moita,
que nunca (delo me pesa)
fun meniña grasirosa.
Cantei como mal sabía
dándolle reviravoltas,
cal fan aqués que non saben
direitamente unha cousa.
Pero dempoís paseniño,
i un pouco máis alto agora,
fun botando as miñas cántigas
como quen non quer a cousa.
Eu ben quixera, é verdade,
que máis boniteiras foran.*